

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/222

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN CON CARGO A LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

Liñas de investigación*: Liña estratéxica Vicerreitoría de Investigación e Transferencia (nº rexistro 20)			
Referencia axuda: Convenio reforzo persoal, xestión da transferencia e innovación 2023-2026			
Título: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para Reforzo de Persoal de Xestión da Transferencia e a Innovación e Consolidación de Estruturas de Investigación 2023-2026			
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/01/2023	FIN: 31/12/2026	
CENTRO Inv. Principal: Vicerreitoría de Investigación e Transferencia			
LUGAR E HORARIO: Centro de Investigación en Tecnoloxías Navales e Industriais (CITENI). Luns a Xoves de 08:30h a 14:00h y de 15:30h a 18:00h; Venres de 8:30h a 14:00h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))			
Investigador/a contratado/a doutor/a ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Xestor/a de investigación ☒ MECES 2		Técnico administrativo/a e de xestión ☐	
Colaborador/a de investigación ☐ MECES Elegir		Axudante administrativo/a ☐	
Técnico/a de apoio á investigación ☐ MECES Elegir			
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/11/2026
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒			
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2624.97€*			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599230818-541A-6400006			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciado/a, Graduado/a o Ingeniero/a
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria.
PAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes):
TITULAR: M Belén Montero Rodríguez; Francisco Zayas Gato; Sandra María García Garabal Mosquera
SUPLENTE: Saúl Beceiro Novo; José Antonio Becerra Permuy; Montserrat Domínguez Pérez
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 16 de Xullo de 2026

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: M Belén Montero Rodríguez

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratégicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

CRONOGRAMA DE FUNCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR LABORAL POR LIÑAS DE INVESTIGACIÓN E ESTRATÉXICAS

TEMPO ESTIMADO DE REALIZACIÓN DAS FUNCIÓNS	2 meses
---	---------

FUNCIÓN	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	DURACIÓN
Apoio e colaboración para a xestión administrativa e seguimento de proxectos, convenios e actividades de investigación do CITENI.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Apoio na xestión económica para o control e seguimento do gasto e a execución do orzamento do CITENI. Apoio na xustificación económica de proxectos e axudas.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Colaboración na elaboración, revisión de memorias e outros documentos/normativas relacionado coa actividade investigadora e de transferencia do CITENI: contido, edición e maquetación	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Colaboración na recompilación, actualización e análise de información relacionada cos indicadores de calidade da investigación de CITENI	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Apoio á identificación de convocatorias competitivas nacionais e internacionais, análise de requisitos, difusión interna aos grupos de investigación e apoio á preparación administrativa e técnica de propostas.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Apoio á dinamización da transferencia de coñecemento do CITENI, incluíndo a recompilación de capacidades dos grupos, preparación de documentación para empresas e institucións, seguimento de contactos e colaboración na organización de reunións, visitas e actividades de promoción tecnolóxica.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses
Apoio no control e mantemento do Sistema de Xestión da Calidade e I+D+i baixo ISO 9001. Apoio na realización de auditorías internas.	01/11/2026	31/12/2026	2 meses

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A presente contratación ten por obxecto incorporar ao Centro de Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais da Universidade da Coruña, CITENI, unha persoa con perfil de tecnólogo/a especialista en proxectos e investigación, co fin de reforzar as capacidades de xestión, coordinación e apoio técnico ás actividades de investigación, transferencia e innovación desenvolvidas no centro.

O CITENI é unha estrutura de investigación da Universidade da Coruña situada no Campus Industrial de Ferrol, orientada ao desenvolvemento de coñecemento científico-tecnolóxico nos ámbitos naval e industrial. O centro integra grupos de investigación con capacidades complementarias en áreas como materiais, fabricación avanzada, electrónica, enerxía, fluídos, tecnoloxías láser, modelado, simulación, sensorización, dixitalización e outras tecnoloxías aplicadas á industria.

A persoa contratada prestará apoio á xestión administrativa, económica e técnica de proxectos, convenios e actividades de investigación e transferencia, así como á elaboración de memorias, informes, indicadores, documentación de capacidades científico-tecnolóxicas e propostas de captación de financiamento. A súa incorporación permitirá mellorar a coordinación interna do centro, a relación cos grupos de investigación e a interacción con empresas, administracións e outras entidades colaboradoras.

Esta contratación contribuirá, polo tanto, á consolidación da estrutura de investigación do CITENI, ao fortalecemento da transferencia de coñecemento cara ao tecido produtivo e á mellora da capacidade do centro para participar en proxectos estratéxicos de ámbito autonómico, nacional e internacional.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DESGLOSADOS (100 puntos)

CRITERIO	Puntuación Máxima
Expediente académico. En títulos de Licenciatura, Grao u Enxeñaría en áreas afines ás linas estratéxicas do centro Valorarase proporcionalmente á nota media. De non presentarse certificado coa nota media a valoración será a correspondente a unha nota media de 5.	20 puntos
Experiencia profesional relacionada co obxecto do contrato. Experiencia laboral acreditada na área de I + D + i ou xestión de I + D + i (1 punto/mes traballado a tempo completo). A experiencia a tempo parcial valorarase á metade (0.5 punto/mes)	25 puntos
Idiomas. Nivel de coñecemento da lingua inglesa segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER) B1: 7,5 puntos B2: 8,5 puntos Superior: 10 puntos	10 puntos
Formación adicional. Formación recibida relacionada coas labores a realizar. Só se valorará a formación en xestión de proxectos de investigación, programas europeos, transferencia e innovación, contratación pública, xestión económica e xustificación de axudas, protección de resultados de investigación, comunicación científica, ferramentas ofimáticas avanzadas, bases	15 puntos

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

de datos, indicadores de investigación ou sistemas de calidade. A razón de 2 puntos por cada 10 horas acreditadas. Esta formación deberá ser acreditada documentalmente mediante certificado, onde se certifique o número de horas.	
Outros méritos. Experiencia na organización de xornadas, reunións técnicas, visitas institucionais, eventos de transferencia ou actividades de difusión científica e tecnolóxica. Coñecemento acreditado de ferramentas de xestión, bases de datos, plataformas de convocatorias, sistemas de seguimento de proxectos ou ferramentas dixitais de apoio á investigación. Participación en actividades de transferencia ou colaboración con empresas. Experiencia previa en contornas universitarias, centros de investigación, centros tecnolóxicos ou administracións públicas vinculadas á investigación e innovación.	5 puntos
Puntuación mínima para acceder á entrevista	50 puntos
Entrevista persoal. Convocaranse aos 3 mellores candidatos dos apartados anteriores. Para a realización das entrevistas poderase contar co apoio dalgunha persoa colaboradora. Valorarase a adecuación da persoa candidata ao posto, o coñecemento do sistema universitario de investigación, a experiencia en xestión de proxectos e transferencia, a capacidade de organización, comunicación e traballo con grupos de investigación, así como a motivación e dispoñibilidade para desenvolver as funcións no CITENI.	25 puntos
Lista de agarda. Requisitos para lista de agarda	50 puntos

O financiamento do contrato poderá ser asumido, total ou parcialmente, por calquera outro proxecto ou axuda adscrita á Liña de Investigación, incluso con anterioridade á finalización dos meses iniciais, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

Ao abeiro do disposto no art. 5 da Instrución 2/2025, do 17 de marzo de 2025, da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, pola que se regula o rexistro de liñas de investigación e estratéxicas e a contratación de persoal investigador laboral con cargo a liñas, a vixencia deste contrato indefinido está supeditada á persistencia da necesidade das tarefas e á existencia de crédito adecuado e suficiente na liña de investigación. A consumación do financiamento adscrito á liña, ou a finalización das actividades técnicas que xustifican o posto sen posibilidade de reubicación, constituirá causa obxectiva de extinción do contrato (Art. 52.e ET).

Requisitos. Titulación de Licenciatura, Grao ou enxeñaría no ámbito de actuación do contrato

Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

Na data de remate do prazo para presentar solicitudes e durante a vixencia do contrato, as persoas aspirantes deberán reunir e manter os requisitos do Art. 8 da Normativa de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento

Para que os méritos sexan puntuados, é imprescindible achegar a documentación xustificativa. Os méritos simplemente alegados e non acreditados non serán valorados pola Comisión de Selección.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

- **Méritos xerais:** Todos os títulos e certificados deben achegarse en formato PDF lexible.
- **Experiencia Profesional:** Requírese obrigatoriamente o Informe de Vida Laboral actualizado así como certificado ou informe expedido pola empresa, administración ou entidade contratante no que consten, como mínimo, o período de prestación de servizos, a xornada laboral e as tarefas ou funcións realizadas. Os contratos de traballo poderán achegarse como documentación complementaria, pero non substituirán o certificado ou informe de funcións cando non describan suficientemente as tarefas desenvolvidas.
No caso de persoas traballadoras autónomas, deberá achegarse a documentación acreditativa da alta no RETA ou no réxime correspondente, así como contratos, certificados de clientes, facturas ou outra documentación que permita acreditar o período de actividade e as funcións efectivamente realizadas.
- **Proxectos de Investigación:** Só se aceptarán certificados emitidos polo organismo oficial competente (ex. Vicerreitoría de Investigación ou persoas con competencia xurídica).
- **Idiomas:** Os coñecementos de idiomas deberán acreditarse mediante certificado oficial (ex. CEFR, Cambridge, DELE, EOI) ou equivalente recoñecido pola Comisión de Selección.

Nota de Exclusión: Non son válidos os certificados ou cartas emitidos a título persoal por profesores ou Investigadores Principais (IP) dos proxectos.

Puntuación mínima para acceder á entrevista:

Para acceder á fase de entrevista será necesario obter un mínimo de 50 puntos na fase de valoración de méritos, integrada polos criterios de expediente académico, experiencia profesional, idiomas e formación adicional. Convocarase á entrevista as tres persoas candidatas que obteñan a maior puntuación nesta fase. No caso de empate na terceira posición, convocarase todas as persoas empatadas.

Entrevista persoal: máximo 25 puntos.

A puntuación da entrevista sumarase á puntuación obtida na fase de valoración de méritos exclusivamente para determinar a persoa candidata proposta para a contratación.

Lista de agarda:

Constituirase unha lista de agarda coas persoas aspirantes non seleccionadas que obtivesen un mínimo de 50 puntos na fase de valoración de méritos previa á entrevista, que poderá ser utilizada no caso de renuncia ou extinción do contrato de traballo da persoa seleccionada.

A puntuación obtida na entrevista non computará para acceder á lista de agarda nin para determinar a orde das persoas integrantes desta. A lista ordenarase segundo a puntuación obtida na fase de valoración de méritos.

Asemade, esta listaxe poderá ser usada para futuras contratacións que teñan o mesmo obxecto.

Declaración do posto deserto:

O posto poderá quedar deserto no caso de que ningunha persoa candidata acade a puntuación mínima de 50 puntos na fase de valoración de méritos previa á entrevista. Para estes efectos non se terá en conta a puntuación obtida na entrevista.

A Universidade da Coruña garante procesos de selección baseados no mérito, a transparencia e a igualdade de oportunidades (Políticas OTM-R), no marco da acreditación europea HR Excellence in Research.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

** Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.*

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*